

## VARROA 2013

Na campaña da varroa deste ano o veterinario de AGA fará a rolda para facer as receitas e selar os libros, tal como figura no seguinte calendario:

### Calendario de receitas

- **Mondariz.** Centro Social de Mouriscados. Sábado, 27 de xullo de 11 a 13 h.  
Ás 12 h. xuntanza cos socios e socias para a creación da Delegación comarcal de AGA
- **Lugo.** Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay. Domingo, 28 de xullo de 11 a 13 h.  
Ás 11 h. xuntanza da Delegación AGA Lugo para a organización da Feria do Mel de Lugo
- **Ourense.** Fundación Otero Pedrayo. Trasalba, Amoeiro. Sábado, 3 de agosto de 11 a 13 h.  
Ás 12 h. xuntanza da Delegación de AGA para organización do Día da Abella e Feira do Mel en Maceda o 18 de agosto
- **Pontevedra.** Apípolis. Couso, 10 San Andrés de Xeve. Sábado, 3 de agosto de 17 a 19 h.
- **Arzúa.** Centro do Queixo e do Mel. Venres, 9 de agosto de 10 a 14 h. e de 16 e 18 h.
- **Quiroga.** Feira do Mel. Sábado, 10 de agosto de 11 a 13 h.
- **Viana do Bolo.** Pazo do Mel. Sábado, 10 de agosto de 17 a 19 h.
- **As Pontes.** Casa do Mel, Goente. Domingo, 11 de agosto de 17 a 19 h.
- **Mondoñedo.** Oficina de Extensión Agraria. Sábado, 17 de agosto de 11 a 13 h.

### Tratamentos varroa

Dado que a consellería este ano non vai a subministrar o produto como anos anteriores, AGA ofrecerá o tratamento a aqueles socios e socias que o soliciten antes do 21 de xullo. Listado de produtos e prezos (envases para 5 colmeas):

NOME TRATAMENTO	PREZO
Check Mite	21,00 EUR
Apistan	16,00 EUR
Apivar	17,00 EUR
Thimovar (con timol)	19,00 EUR

- . Pedidos e forma de pago: a data límite para facer o pedido e o pago é o 21 de xullo
  - . Os encargos faranse por tel. 981 508 142 ou email [aga@queixoemel.org](mailto:aga@queixoemel.org), indicando: o nome do socio/a, produto, nº de envases e lugar de recollida (según o calendario de receitas do veterinario). O produto recollerase na rolda do veterinario.
  - . O pago realizarase, no momento de facer o pedido, no nº de conta de AGA en Novagalicia Banco 2080 0348 38 3000018210, indicando no concepto "Nome do socio, produto e nº envases"
  - . Ademais dos produtos citados, tamén temos á venda timol (1 Euro/colmea) e Beevital Hiveclean (20 Euros/10 colmeas).
-

O prezo do Apistan xa é reducido. O resto dos produtos poderían reducir o seu prezo en función de se se amplía o montante económico dispoñible no Plan Apícola 2013. No caso en que fagamos devolucions comunicarémolo a través do Correo Apícola e será preciso presentar o albarán de compra do produto, ter entregadas as fotocopias compulsadas antes do 10 de xuño e ter o seguro de responsabilidade civil.

Según información dos abelleiros nestes intres o tratamento mais eficaz sería o Check Mite, pero dende AGA só o recomendamos como última solución, por ser un produto que deixa moitos residuos e polo cal está prohibido nos demais países da Unión Europea. E ademais, tede en conta que o fabricante é a empresa Bayer que, co seu pesticida Imidacloprid, ten causado unha grande mortandade de abellas. ■

## Próximas actividades

### DÍA DA ABELLA EN MACEDA (OURENSE)

O 18 de agosto terá lugar o Día da Abella en Maceda (Ourense). Por este motivo a Delegación de AGA en Ourense convoca ós abelleiros e abelleiras a unha xuntanza o día 3 de agosto ás 12 h. na Fundación Otero Pedrayo en Trasalba, para falar da organización e participación na feira do mel polos abelleiros interesados.

- . Programa Día da Abella: Feira do mel, exposición didáctica, obradoiros
- . Lugar de celebración: Castelo de Maceda
- . Organizado pola Asociación Galega de Apicultura (DAGA-Ourense) coa colaboración do concello de Maceda

\* O Día da Abella previsto para o 21 de xullo en Culleredo, foi aprazado.

### VIAXES APÍCOLAS

#### II Congreso Europeo Apícola Lovaina (Bélxica) 9, 10 e 11 de novembro

Con motivo do 2º Congreso Europeo Apícola, que terá lugar os días 9, 10 e 11 de novembro de 2013, AGA organiza esta viaxe a Lovaina en Bélxica.

As persoas interesadas en participar teñen que chamar ou enviar un email a AGA antes do 15 agosto para anotarse. Posteriormente enviaráselle o programa coas datas e prezo da viaxe e con esta información poderán facer xa a inscrición definitiva.

#### Apimondia – Kiev (Ucrania) do 26 de setembro ó 4 de outubro

Organizado por Silvia Cañas, exdirectora de Vida Apícola. A viaxe, de 9 días de duración, comeza na República Checa, con estancia en Praga e visitas técnicas por diferentes lugares do país, continuando en Kiev para asistir ó congreso Apícola Apimondia 2013.

Contacto e inscricións: Silvia Cañas Tel. 626 781 701  
Email: [silviaapicultura@gmail.com](mailto:silviaapicultura@gmail.com)

## Outras novas

. Por motivos de vacacións, o servizo de etiquetado de “Mel das Miñas Colmeas” estará pechado l ó 15 de agosto.

. Nos próximos días procederemos os cobros das cuotas de AGA do ano 2013 e os seguros apícolas. Para evitar devolucions e gastos, rogamos aos socios e socias que nos comuniquen se hai algún cambio no seu nº de conta e procuren que as contas indicadas teñan fondos suficientes.

. A cooperativa Erica Mel ten dous obxectivos prioritarios para este ano. Aumentar a produción de pole, debido á demanda que segue en aumento, e continuar coa política de suba de prezos do mel. Este ano procurárase pagar o quilo de mel 3,00 Euros o multifloral e a 3,25 Euros o monofloral.

. Este verán celebraranse o XV aniversario de AGA Eume e o X da Casa do Mel. Datas pendentes de confirmar.

- . Feira do Mel de Quiroga (Lugo). 10 de agosto de 2013
- . Feira Apícola de Torrelavega (Cantabria). 19 e 20 de outubro de 2013
- . Mais información destas e outras novas na web de AGA [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)

### ATENCIÓN AOS SOCIOS

No Centro do Queixo e do Mel, Arzúa

Horario: De 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas, a diario

Tel.: 981 508 142 e 630 069 637

e-mail: [aga@queixoemel.org](mailto:aga@queixoemel.org) • [agapicultura@gmail.com](mailto:agapicultura@gmail.com) • Web: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)